

A idade das preguntas

Luísa VILLALTA

«Está o mar?», esa é a pregunta, a pregunta dunha nena que vai armando na area do pensamento as súas causas e consecuencias. «E non vai estar». O mar vai e vén, pero sempre está, nunca marcha. Ela sabe do mar pola pantalla incríbel de todos os días, que tamén ten que casar coas constatacións informes do que lle contan ou ve ou cre que ve. O avó é mariñeiro e non sabe como explicarse a si mesma e aos colegas da clase qué é exactamente o que fan os mariñeiros para traer o peixe no barco, para despois vendelo e que o cocíñen na casa e o resto que si, que xa se sabe. O avó é mariñeiro e chama para Madrid, que ten moitas casas sen mar, a non ser o que se ve por televisión. Esta nena, coa súa nai, vive en Madrid porque o pai tamén andaba no mar e alá quedou. Por iso a nena non sabe exactamente como morreu seu pai, un día que saíu traballar como os demais pais que collen o coche, pero estes sempre, que ela saiba, volven de noite.

«De que cor é o mar?», «Negro», respóndelle o avó, para facela rabechar. «Non, que é azul, que o vin na televisión», «Pero é que agora é de noite, e de noite o mar é negro», «Ai si?». E un mar negro, negro, ela nunca o vira, mais despois, fíxandose, era verdade, nunha película de espías corrían os asasinos dun barco para o outro, de noite, e no fondo víase un plástico negro, brillante polas luces, como un ceo do revés. A nena vai aprendendo e na area do pensamento van tomando forma algunhas verdades universais: o mar polo día é azul e pola noite negro, engadindo o das luces, produto da súa observación persoal. Na película, un dos asasinos caíu pola borda dun barco e morreu. Non se atreveu a comentalo co avó por telefone, pero supuxo que o pai tamén morreu caíndo ao mar pola noite, así que tivo que cambiar a cor onde imaxinaba a seu pai, azul, por unha especie de plástico negro, con alfinetes brillantes polas luces.

«Cando me vas levar a ver o mar?», «Que mar nen que mar. Anda, cala e estuda.» A nai andaba sempre teimuda con algunhas cousas e, polo visto,

non quería volver onde o avó, nen marchar a nengures, mesmo cando chegaba cansada do choio e dicía pestes das rúas, do tráfico, do diñeiro, das moitas casas e moita xente (sen mar) que era Madrid. Hai cousas que lle derruban á nena algunhas das formas que consideraba máis sólidas na area do pensamento: as voltas que dá a xente maior para tapar ou desfacer decisións, evidencias, sentimentos. Como o mar na beira da praia borrando os nomes escritos. Tamén o viu nunha película.

«Que foi o que pasou? Por que está toda esa xente aí?» A nena fica fronte ao televisor sorprendida do repentino interese da súa nai polo mar. «Cala, anda, déixame escoitar». E cala. Na pantalla un rebumbio de xente daba explicacións nada doadas de entender e, non sabía por que, dáballe na espiña que o telefone ía soar dun momento para o outro.

Pero non soou. É a nai entón quen chama para alá, para Muxía, e fala coa avoa, que o avó non estaba na casa. Entre o que fala a nai e as imaxes que ve, un grande trasacordo derrúballe novamente os xa estragados restos de moitas cousas na area do pensamento. Segundo se ve na televisión, unha grande desgraza tornou o azul do mar nun plástico negro como de noite, pero en pleno día. E o seu avó non está ao telefone para poder preguntar. «Déixame falar co avó». «Que non, que o avó non está, que foi ao mar cos demais para axudar coa maré negra. Que pouco sentido, co temporal que non se dá ido!»

Un plástico negro pero sen o brillo dos alfinetes nocturnos, un plástico lento e noxento lambe as rochas e a praia en pleno día. Daquela decídese e pergúntalle á nai cando a ve colgar o auricular «E se o mar se pon negro de día, tamén pode levar o avó?» A nai non contesta eponse a chorar baixiño, como non querendo que a vexa. Entón a nena pergúntase quen lle fixo dano á nai, o mar ou ela perguntando. E pergúntase tamén se alguén vai querer contestar a verdade algún día.